



BASES DE SELECCIÓN PARA CONTRATAR PERSOAL LABORAL TEMPORAL COMO ARQUITECTO TÉCNICO (1 PRAZA) A TRAVÉS DA SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO EMPREGO RURAL (APROL RURAL)-XUNTA DE GALICIA. EXP: TR351G 2017/60-1

1º) Obxecto da convocatoria: As presentes bases teñen por obxecto a regulación do procedemento selectivo para a contratación laboral temporal da subvención concedida pola Xunta de Galicia, (Exp: TR351G 2017/60-1) dentro da liña de subvención para o fomento do emprego rural (APROL RURAL)-XUNTA DE GALICIA, mediante a contratación dun/dunha traballador/a desempregado/a para desempeñar as funcións de arquitecto técnico no Concello de Porto do Son. Esta contratación está vinculada a resolución favorable da subvención por parte da Xunta de Galicia.

2º) Número de prazas: **arquitecto técnico (1).**

3º) Tipo e duración do contrato: Contrato laboral temporal para a realización dun servizo determinado, **modalidade de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social.** A duración do contrato será de **9 meses**, a xornada completa e coas retribucións fixadas para o posto no Orzamento e Convenio Colectivo en vigor no concello, os primeiros quince días do contrato de traballo constitúen o período de proba.

A xornada de traballo semanal, respectando en todo caso os períodos de descanso legalmente establecidos, determinarase pola Concellería competente.

4º) Obxecto do contrato: O persoal contratado realizará as funcións:

- Realizar informes de asesoramento urbanístico, agás naquelas funcións reservadas a funcionarios, conforme a súa capacitación técnica e profesional.
- Redacción de proxectos e memorias valoradas en materias e expedientes vinculados ao eido competencial do departamento e de conformidade coa súa capacitación técnica e profesional.
- Prestar colaboración e asistencia técnica, por necesidade ou requirimento, naqueles asuntos propios da súa profesión e que entren dentro da súa capacitación profesional.
- Realizar informes preceptivos, dentro da súa capacitación técnica e profesional, e relativos á materias propias do eido competencial do departamento no que preste servizos.
- Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.

5º) Requisitos xerais dos aspirantes. Para ser admitida ou admitido no procedemento que se regula nestas bases, as persoas aspirantes deberán reunir, na data en que remate o prazo de presentación de instancias segundo a convocatoria do proceso, os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo de ter outra nacionalidade que lle permita o acceso ó emprego público de conformidade co disposto no artigo 52 Lei 2/2015 do emprego público de Galicia.



b) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Estar en posesión, ou en condición de obter, da seguinte titulación:

- Arquitecto técnico: título universitario de diplomado ou graduado en arquitectura técnica ou titulación equivalente.

d) Estar en posesión do certificado de lingua galega (CELGA 4) ou título equivalente debidamente validado polo órgano competente segundo a normativa vixente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia. No suposto de non posuír este certificado ou título equivalente a persoa aspirante deberá superar a proba de coñecemento do idioma galego descrita na base 10º).

e) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións. As persoas discapacitadas deberán acreditar que teñen recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33% e a súa compatibilidade co posto, a través da correspondente certificación. De ser o caso, farán constar na instancia as adaptacións que precise para a realización das diferentes probas achegando para elo o ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación do grao de minusvalía.

f) Non estar afectada por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

g) Non ter sido separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para o acceso á escala de administración xeral de persoal funcionario. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitada ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

h) No momento do inicio da relación laboral, estar inscrito na oficina de emprego como demandante non ocupada dispoñible para o emprego.

6º) Publicidade da convocatoria. Presentación de oferta de emprego na Oficina de Emprego de Boiro, publicación no taboleiro de edictos da Corporación e na paxina web do concello: <http://www.portodoson.gal>

7º) Solicitudes: **Os candidatos remitidos pola Oficina de Emprego de Boiro** deberán presentar a correspondente solicitude dirixida ao Sr. Alcalde, consonte ao modelo que se facilitará nas oficinas municipais, no rexistro xeral do Concello de 8 a 14:00 horas, O prazo de presentación de solicitudes será de un **(3) tres días hábiles a contar desde o día seguinte ao do chamanento telefonicamente por parte do Concello aos aspirantes enviados pola Oficina de Emprego, se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.**

A presentación de solicitudes poderá facerse ben no rexistro xeral do Concello, ben en calquera das formas establecidas no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 26 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no horario sinalado no parágrafo anterior. As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos ou a través do Portelo Único deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos ou da administración receptora da documentación. Nestes dous casos, unha vez presentada, deberá



enviarse vía fax ao Concello (981-767358) a solicitude debidamente selada antes do fin do prazo para a presentación de solicitudes, xunto coa acreditación da titulación mínima esixida para participar na convocatoria.

Coa solicitude deberanse achegar os seguintes documentos:

- Fotocopia do DNI ou pasaporte.
- Fotocopia da tarxeta de demandante de emprego.
- Fotocopia do título universitario de diplomado ou graduado en arquitectura técnica.
- De ser o caso Certificación de aptitude do Celga 4 ou do curso de aptitude equivalente ou ben a validación correspondente.

8º) Admisión de aspirantes:

Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde ditará resolución declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos do Concello e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na lei. Así mesmo, e sempre que sexa posible, a citada resolución publicarase, a título informativo e complementario, na web municipal (www.portodoson.gal)

Os/as aspirantes excluídos/as dispoñen dun prazo de dous días hábiles, contado desde o seguinte ao da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, nos termos do artigo 68 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Posteriormente o Alcalde declarará aprobada a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no taboleiro de edictos do Concello. Na mesma resolución o Alcalde determinará o lugar, data e hora de realización da fase de oposición, así como a composición do tribunal cualificador. Así mesmo, e sempre que sexa posible, a citada resolución publicarase, a título informativo e complementario, na web municipal (www.portodoson.gal).

De non existir aspirantes excluídos/as, o Alcalde elevará a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución de aprobación.

9º) Tribunal cualificador:

O tribunal cualificador será designado por Decreto da Alcaldía, no momento de aprobación das listas definitivas de admitidos/as e excluídos/as.

Todos/as os/as vocais deberán contar con titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos membros.

En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario. O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores/as especialistas para as probas que considere pertinentes, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaborarán co órgano de selección.

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases.

Os membros dos tribunais deberán absterse de formar parte de estes cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do Sector Público, notificándoo á autoridade convocante, ou cando realizaran tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Os/as aspirantes poderán recusalos de acordo co artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do Sector Público.

10º) Oposición:

FASE DE OPOSICIÓN (PUNTUACIÓN MÁXIMA 10 PUNTOS)

A oposición constará de dous exercicios, de carácter obrigatorio e eliminatorio.

PRIMEIRO EXERCICIO.- Consistente en contestar por escrito, nun tempo máximo de 2 horas, 10 preguntas relacionadas cos temas que figuran no programa recollido no anexo I das presentes bases, que poderán incluír supostos prácticos, este exercicio será cualificado entre 0 e 10 puntos, quedando eliminados os aspirantes que non obteñan unha puntuación mínima de 5 puntos.

Rematado o tempo concedido, o tribunal poderá solicitar a lectura do exercicio aos aspirantes, que deberán cingirse á exposición escrita realizada.

SEGUNDO EXERCICIO.- En aplicación do previsto no artigo 51.2 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia respecto da acreditación do galego, aquelas persoas que non acrediten coñecementos en lingua galega (CELGA 4 ou equivalente) terán unha proba de galego que consistirá na tradución sen dicionario dun texto proposto previamente polo tribunal, de castelán ó galego, nun tempo máximo de vinte minutos. Este exercicio será cualificado de apto ou non apto.

11º. Puntuación final. O candidato seleccionado será o que obteñan maior puntuación. En caso de empate decidirse atendendo á orde alfabética dos apelidos a partir da letra escollida para a orde de actuación dos aspirantes nos procesos selectivos da Xunta de Galicia para o ano 2017.

Bolsa de emprego: Cos aspirantes que superaron o proceso selectivo constituirase unha bolsa de traballo que poderá empregarse para a cobertura polo concello de postos de traballo das mesmas características (fomento da empregabilidade, contratos de interese social). A duración desta bolsa será dun ano.

12º) Presentación da documentación polos aspirantes aprobados. Os candidatos seleccionados deberán presentar no Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Porto do Son, en horario de 8:00 a 14:00, **no prazo de 2 días naturais (se o último día do prazo fose inhábil, trasladarase ao primeiro hábil seguinte)** dende que se faga pública a relación de aprobados (mediante anuncio no Taboleiro do Concello) os documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria:

- **Certificado ou informe médico de atoparse apto para a realización deste traballo.**
- **Declaración xurada de non atoparse incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade.**
- **Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública nin encontrarse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.**



- **Código IBAN de conta bancaria e copia da cartilla da Seguridade Social.**
- **Os aspirantes seleccionados deberán presentar neste momento os orixinais documentación presentada coa solicitude:** fotocopia do DNI ou pasaporte, fotocopia da tarxeta de demandante de emprego, fotocopia do título universitario de diplomado ou graduado en arquitectura técnica ou titulación equivalente, de ser o caso certificación de aptitude do Celga 4 ou do curso de aptitude equivalente ou ben a validación correspondente.

De non presentarse dita documentación no prazo indicado (salvo casos de forza maior) ou no caso de deducirse da documentación que non se reúnen os requisitos esixidos, o aspirante non poderá ser contratado; sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incorrer por falsidade na súa solicitude de participación. Neste suposto, o Alcalde-Presidente contratará ao seguinte aspirante aprobado por orde de puntuación.

13º) Formalización dos contratos: Formalizaranse por resolución da Alcaldía baixo a **modalidade de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social**, cos candidatos seleccionados.

14º) Normas finais.

Primeira.- Para todo o non previsto nestas Bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido no Estatuto Básico do Empregado Público, Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia, Texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, Lei de Coordinación das Policía Locais de Galicia, Real Decreto 896/1991, Real Decreto 364/1995, Decreto 204/2000 de Galicia, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.- Agás a convocatoria (que se publicará segundo se establece na Base 4ª), os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos, exclusivamente, a través do Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

Sempre que sexa posible, poderá publicarse, a título informativo e complementario, na web oficial do Concello (www.portodoson.gal), no apartado “taboleiro de anuncios”. Estas publicacións na web non terán validez a efectos de cómputo de prazos e a información de carácter persoal contida nas mesmas será posible baixo a consideración de que os aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando participar no proceso selectivo, se someten a aceptan todo o clausulado establecido na presente convocatoria e bases reguladoras. Os restantes usos dos datos persoais contados nas solicitudes serán de carácter interno e uso restrinxido.

Terceira.- Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de Procedemento Administrativo e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Cuarta.- Contra as presentes Bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses (contado dende o día seguinte ó da publicación da convocatoria).

Con carácter potestativo e previo poderá interpoñer RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo Órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo de un mes (contado dende o día seguinte ó da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

Anexo I. Temario

A.- Materias comúns.

1. A Constitución española de 1.978: proceso de elaboración. Estrutura e principios xerais. Os principios fundamentais da Constitución. A reforma da Constitución.
2. Dereitos fundamentais e liberdades públicas. Garantías legais, xurisdicionais e institucionais. A suspensión dos dereitos e liberdades. O Defensor do Pobo. O Tribunal Constitucional.
3. A organización territorial do Estado na Constitución española. O Estado autonómico. A autonomía das nacionalidades e rexións. A autonomía local na Constitución e a súa garantía institucional.
4. O Estatuto de autonomía de Galicia: estrutura e contido. A reforma do Estatuto de autonomía: supostos de reforma e procedementos. As institucións de autogoberno de Galicia: descrición. Sede.
5. O acto administrativo. Concepto, clases e elementos. A eficacia dos actos administrativos. O principio de autotutela declarativa. A notificación: contido, prazo e práctica. A publicación.
6. O procedemento administrativo: concepto e clases. Os principios xerais do procedemento administrativo. As normas reguladoras. Dimensión temporal do procedemento administrativo: días hábiles e cómputo de prazos. A recepción e rexistro de documentos.
7. Fases do procedemento administrativo xeral. Especial incidencia sobre as diferentes maneiras de terminación do mesmo. O silencio administrativo.
8. A invalidez do acto administrativo. Actos supostos de nulidade de pleno dereito e de anulabilidade. O principio de conservación do acto administrativo. A revisión de actos e disposicións pola propia Administración. A acción de nulidade, procedemento, límites. Efectos. A declaración de lesividade. A revogación de actos. A rectificación de erros materiais e de feito. Os recursos administrativos.
9. A Administración local. O municipio. Elementos. O termo municipal. A poboación.
10. Organización municipal. Funcionamento dos órganos colexiados locais. Competencias municipais.
11. A potestade regulamentaria das entidades locais. Ordenanzas e regulamentos.



12. O persoal ao servizo da Administración local. Clases. Adquisición e perda da condición de funcionario. Situacións administrativas. Dereitos e deberes do persoal ao servizo da Administración local. Réxime de incompatibilidades. Faltas e sancións.

13. Texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011. Disposicións xerais. Ámbito de aplicación.

14. Os contratos do sector público. Delimitación dos tipos contractuais. Partes do contrato. Órganos de contratación. Preparación dos contratos. Selección do contratista e adxudicación dos contratos. Efectos, cumprimento e extinción dos contratos administrativos.

15. O contrato de obras. O contrato de xestión dos servizos públicos. O contrato de subministro. O contrato de servizos. Os contratos menores.

16. Os bens das entidades locais. Clases. Bens de dominio público. Bens patrimoniais. Prerrogativas e potestades das entidades locais en relación cos seus bens. Os bens comunais.

B.- Materias específicas.

BLOQUE 1. URBANISMO: PLANEAMENTO, EXECUCIÓN E INTERVENCIÓN DA ADMINISTRACIÓN E DISCIPLINA

17. Real decreto lexislativo 7/2015. Bases do réxime do solo.

18. A Lei 2/2016 de solo de Galicia e o Decreto 143/2016 polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento. Principios xerais.

19. O planeamento urbanístico. Clases de instrumentos de ordenación.

20. O plan xeral de ordenación municipal: obxecto, determinacións e documentación.

21. Os plans parciais: obxecto.

22. Os plans especiais: finalidades. Os plans especiais de protección. Plans especiais de reforma interior. Os plans especiais de infraestruturas e dotacións. Procedemento de elaboración e aprobación.

23. Outros instrumentos de planeamento: delimitacións do solo de núcleo rural, os estudos de detalle e os catálogos. Ordenación urbanística que afecte a varios municipios.

24. A vixencia e modificacións dos instrumentos de planeamento urbanístico. Efectos da aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico. Normas de aplicación directa.

25. O solo urbano na lexislación urbanística vixente. Réxime.

26. O solo urbanizable na lexislación urbanística vixente. Réxime.

27. O solo de núcleo rural na lexislación urbanística vixente. Réxime.

28. O solo rústico na lexislación urbanística vixente. Réxime.

29. Deber de edificar os soares. Consecuencias do incumprimento. A caducidade dos títulos habilitantes.

30. A intervención na edificación e uso do solo. Títulos habilitantes de natureza urbanística.

31. A intervención na edificación e uso do solo. Fomento da edificación, conservación e rehabilitación. Inspección periódica de construcións: a ITE.
32. As segregacións e as parcelacións urbanísticas. Réxime xurídico.
33. Disciplina urbanística. Inspección urbanística. Protección da legalidade urbanística.
34. Infraccións urbanísticas e sancións.
35. O PXOM do Concello de Porto do Son: Títulos VI e VII.
36. As actividades na Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia. O Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.

BLOQUE 2. NORMATIVA TÉCNICA

37. A Lei 38/1999, de ordenación da edificación. Esixencias técnicas e administrativas da edificación. Requisitos básicos da edificación
38. A Lei 38/1999, de ordenación da edificación. Esixencias técnicas e administrativas da edificación. Axentes. Responsabilidades e garantías.
39. REAL DECRETO 314/2006, de 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación. Ámbito de aplicación.
40. Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de vivenda en Galicia.
41. Disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción. Real decreto 1627/1997: disposicións específicas das fases de proxecto e execución das obras.
42. Disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción. Real decreto 1627/1997: O coordinador.
43. Disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción. Real decreto 1627/1997: Estudo de seguridade e saúde. Estudo básico de seguridade e saúde.
44. Disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción. Real decreto 1627/1997: Principios xerais aplicables durante a execución da obra
45. Disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción. Real decreto 1627/1997: Libro de incidencias
46. Disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción. Real decreto 1627/1997: Plan de seguridade e saúde no traballo
47. Condicións de accesibilidade e supresión de barreiras. Normativa. Aspectos a regular. A Lei 10/2014 de accesibilidade de Galicia e a Lei 8/1997 de accesibilidade e supresión de barreiras de Galicia. Regulamento para o desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade: Decreto 35/2000: Condicións de accesibilidade para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados.
48. Condicións de accesibilidade e supresión de barreiras. Normativa. Aspectos a regular. A Lei 10/2014 de accesibilidade de Galicia e a Lei 8/1997 de accesibilidade e supresión de barreiras de Galicia. Regulamento para o desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade: Decreto 35/2000: Condicións de accesibilidade en edificios de uso público.



49. Condicións de accesibilidade e supresión de barreiras. Normativa. Aspectos a regular. A Lei 10/2014 de accesibilidade de Galicia e a Lei 8/1997 de accesibilidade e supresión de barreiras de Galicia. Regulamento para o desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade: Decreto 35/2000: Condicións de accesibilidade en edificios de titularidade privada.

BLOQUE 3. NORMATIVA SECTORIAL

50. Lei 10/1995 de ordenación do territorio de Galicia.

51. As directrices de ordenación do territorio de Galicia: Decreto 19/2011. Principios xerais.

52. Decreto 20/2011 polo que se aproba o plan de ordenación do litoral de Galicia. Ámbito de aplicación.

53. Decreto 20/2011 polo que se aproba o plan de ordenación do litoral de Galicia. Clasificación dos usos e procedemento a seguir nos usos compatibles.

54. Lei 21/2013 de avaliación ambiental. Principios e disposicións xerais. Real decreto lexislativo 1/2016 polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación. Disposicións xerais e finalidade e aplicación do réxime xurídico da autorización ambiental integrada.

55. Lei 9/2001 de conservación da natureza de Galicia. Dos espazos naturais.

56. Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia. Réxime de protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia. Réxime específico de protección e acceso dos bens de interese cultural. Réxime específico de protección dos bens catalogados. Bens culturais específicos.

57. Lexislación en materia de estradas. A Lei 37/2015 de estradas. Disposición xerais. Uso e defensa das estradas. Travesías e tramos urbanos.

58. Lexislación en materia de estradas. A Lei 8/2013 de estradas de Galicia. Disposición xerais. Protección do dominio público viario.

59. Lexislación en materia de augas. Dominio público hidráulico e as súas zonas de protección (servidumes e outras limitacións). A súa incidencia no urbanismo.

60. Lexislación en materia de costas. Dominio público marítimo-terrestre e as súas zonas de protección (servidumes e outras limitacións). A súa incidencia no urbanismo.

Porto do Son, 22 de novembro de 2017.

 O Alcalde,

José Luis Gujo Pouso

MODELO DE INSTANCIA.

D/Dna. _____ de
_____ anos, D.N.I. _____ con enderezo en
_____ nº _____,
CP. _____, teléfono _____,

EXPÓN:

1º) Que desexo participar no proceso selectivo convocado polo Concello de Porto do Son para a selección de unha praza de ARQUITECTO TÉCNICO.

2º) Que reúno todos os requisitos esixidos referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación da solicitude nas bases, que acepto e declaro coñecer, e que son certos os datos obrantes na presente instancia, comprometéndome a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

Adxunto coa presente instancia, segundo dispón a base 7ª da convocatoria: (SINALAR CUN X)

- Fotocopia do DNI ou pasaporte.
- Fotocopia da tarxeta de demandante de emprego.
- Fotocopia do título universitario de diplomado ou graduado en arquitectura técnica.
- De ser o caso Certificación de aptitude do Celga 4 ou do curso de aptitude equivalente ou ben a validación correspondente.

Por todo o exposto, SOLICITO:

SER ADMITIDO A PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE UNHA PRAZA DE ARQUITECTO TÉCNICO EN RÉXIME DE CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DO CONCELLO DE PORTO DO SON.

En Porto do Son, _____ de _____ de 2017

(sinatura)

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE PORTO DO SON.